CONGRESO DE
LOS DIPUTADOS

## A LA MESA DEL CONGRESO

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG),** Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo establecido en el artículo 185 y siguientes del Reglamento del Congreso, formula las siguientes **preguntas dirigidas al Gobierno para su respuesta escrita relativas a las actuaciones abusivas en las proximidades del estadio de Balaídos.**

El pasado 23 de enero, un grupo de jóvenes circulaba por las inmediaciones del estadio de Balaídos en Vigo cuando se dirigían a ver el partido, cuando fueron interceptados por varias dotaciones de la Policía Nacional del Estado, llegando a cruzar tres furgonetas delante de su coche, sin que mediase causa ni justificación. Los agentes procedieron a identificar a los cuatro jóvenes, los cachearon e incluso revisaron el coche de arriba a abajo con un trato autoritario, vejatorio, soberbio y sin ningún tipo de explicación, motivación o razón.

Casualmente, puesto que no deberían de saberlo antes de la retención e identificación, los jóvenes pertenecen al colectivo Tropas de Breogán, lo que lleva a preguntarse si se trató de una acción realmente aleatoria o de una acción programada y, en ese caso, en base a qué motivaciones.

El procedimiento de detención, identificación, cacheo y registro del vehículo requiere, en todo caso, según establece la Ley Orgánica 4/2015, de 30 de marzo, de protección de la seguridad ciudadana, de la existencia de una amenaza concreta o de un comportamiento objetivamente peligroso que, razonablemente, sea susceptible de provocar un daño real para la seguridad ciudadana y, en concreto, de atentar contra los derechos y libertades individuales y colectivos o de alterar el normal funcionamiento de las instituciones públicas. Presupuesto habilitante que no se da en el caso relatado.

Asimismo, el artículo 16 de esta misma norma establece que solo cabe identificar a las personas en el cumplimiento de acciones de indagación delictiva o para la sanción de infracciones penales o administrativas, cuando existan indicios de participación en la comisión de una infracción o cuando, atendiendo a las circunstancias concurrentes, sea necesario que acrediten su identidad para prevenir la comisión de un delito.

En el mismo sentido se expresa el artículo 20 en relación con los registros corporales, que procederán únicamente cuando existan indicios racionales de que pueda conducir al

hallazgo de instrumentos, efectos u otros objetos relevantes para investigar o prevenir la comisión de un delito.

Por su parte, la Ley 19/2007, de 11 de julio, contra la violencia, el racismo, la xenofobia y la intolerancia en el deporte, prevé que las Fuerzas y Cuerpos de Seguridad del Estado puedan habilitar medidas especiales en competiciones o encuentros específicos, teniendo en cuenta el riesgo potencial en ciertos acontecimientos deportivos. Que pueden consistir en realizar registros personales aleatorios o sistemáticos en los accesos al recinto o en la zona de gradas.

Por tanto, no se puede entender cuál fue la justificación de la actuación policial citada, que solo puede calificarse de abusiva y sin causa, pues no existía evidencia alguna de comisión de infracción o de delito por parte de los jóvenes, que circulaban en su vehículo con total normalidad, y que tampoco se ampara en la ley de prevención de la violencia en el deporte.

**Por los motivos expuestos, el BNG plantea las siguientes preguntas dirigidas al Gobierno:**

1. ¿Qué información tiene el Ministerio del Interior en relación con las actuaciones policiales realizadas el día 23 de enero en las proximidades del estadio de Balaídos? ¿Cuáles fueron las instrucciones dadas al operativo y por qué realizaron identificaciones, cacheos y registros de vehículos?
2. ¿Cuál fue el fundamento que justifica la intervención policial por la que se detuvo el coche de los cuatro jóvenes para proceder a su identificación, cacheo y registro de su vehículo? ¿Cuál fue el delito que se pretendía prevenir o la investigación policial que lo motivó?
3. ¿Tiene conocimiento o ha recibido el Ministerio alguna otra información o queja en relación con la falta de fundamento de las actuaciones realizadas y sobre la actitud abusiva, desproporcionada y prepotente de los agentes?
4. ¿Revisará e investigará la actuación policial citada y exigirá la corrección y depuración de las responsabilidades correspondientes?
5. ¿Cuántas identificaciones, cacheos y registros se realizaron aquel día en los alrededores del campo de fútbol de Vigo? ¿Cuántas de las personas identificadas pertenecían a grupos de aficionados? ¿Tenían indicación de detener determinados vehículos vinculados a determinados grupos de aficionados? ¿De ser así, comparte que se trataría de una actuación sin causa y que no está amparada por la Ley de Seguridad Ciudadana, además de vulnerar el principio de presunción de inocencia?

C.DIP 99235 12/02/2026 10:00



Madrid, a 3 de julio de 2025

Néstor Rego Candamil

**Diputado del BNG en el Congreso**

CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL
11 FEB. 2026 18:40:56
Entrada 99233

# Sobre as actuacións policiais abusivas que tiveron lugar nas proximidades do estadio de Balaídos

| | |
|---|---|
| Competencia | Otros Expedientes |
| Tipo Expediente | 300-Escrito en lengua española distinta del castellano, oficial en Comunidad Autónoma (art. 92.1) |

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL
Diputado

**Á MESA DO CONGRESO**

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG),** Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita relativas ás actuacións policiais abusivas nas proximidades do estadio de Balaídos.**

O pasado 23 de xaneiro, un grupo de mozos circulaban en coche polas inmediacións do estadio de Balaídos en Vigo cando se dirixían a ver o partido, cando foron interceptados por varias dotacións da Policía nacional do Estado, chegando a cruzar tres furgonetas diante do seu coche, sen que mediase causa ou xustificación. Os axentes procederon á identificación dos catro mozos, fixéronlles un cacheo e mesmo revisaron o carro de arriba a abaixo cun trato autoritario, vexatorio, soberbio e sen ningún tipo de explicación, motivou ou razón.

Casualmente, pois non deberan poder sabelo antes da parala e da identificación, os mozos pertencen ao colectivo Tropas de Breogán, o que leva a preguntarse se se trataba dunha acción realmente aleatoria ou era unha actuación programada e, nese caso en base a que motivacións.

Proceder a deter, identificar, cachear e rexistrar o vehículo precisa, en todo caso, tal e como establece a Lei Orgánica 4/2015, de 30 de marzo, de protección da seguranza cidadá, da existencia dunha ameaza concreta ou dun comportamento obxectivamente perigoso que, razoabelmente, sexa susceptíbel de provocar un dano real para a seguranza cidadá e, en concreto, atentar contra os dereitos e liberdades individuais e colectivos ou alterara o normal

CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL
11 FEB. 2026 18:40:56
Entrada 99233

funcionamento das institucións públicas. Presuposto habilitante que non se da no caso relatado.

Así mesmo, o artigo 16 desta mesma norma estabelece que só cabe identificar ás persoas no cumprimento de accións de indagación delituosa ou para a sanción de infraccións penais ou administrativas, cando existan indicios de participación na comisión dunha infracción ou cando, atendendo ás circunstancias concorrentes, sexa necesario que acrediten a identidade para previr a comisión dun delito.

Neste mesmo sentido se expresa o artigo 20 en relación aos rexistros corporais, que procederán unicamente cando existan indicios racionais de que poda conducir a achar instrumentos, efectos ou outros obxectos relevantes para investigar ou previr a comisión dun delito.

Pola súa parte, a Lei de 19/2007, de 11 de xullo, contra a violencia, o racismo, a xenofobia e a intolerancia no deporte, prevé por habilitar por parte das Forzas e Corpos de Seguranza do Estado medidas especiais en competicións ou encontros específicos, atendendo ao risco potencial en certos eventos deportivos. Que poden consistir en realizar rexistros persoais aleatorios ou sistemáticos nos accesos ao recinto ou na zona de gradas.

Así pois, non pode entenderse cal foi a xustificación da acción policial citada que só pode cualificarse de abusiva e falta de causa, pois non existía evidencia algunha de comisión de infracción ou delito por parte dos mozos, que circulaban no seu vehículo con total normalidade, e que tampouco se ampara na lei de prevención da violencia no deporte.

**Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas dirixidas ao Goberno:**

1. Que información ten o Ministerio de Interior en relación coas actuacións policiais desenvolvidas o día 23 de xaneiro nas proximidades do estadio de Balaídos? Cales eran as instrucións dadas ao operativo e porqué realizaron identificacións, cacheos e rexistros de vehículos?

2. Cal foi o fundamento que xustifica a intervención policial pola que se detivo o coche dos catro mozos para proceder á súa identificación, cacheo persoal e rexistro do seu vehículo? Cal era o delito que se pretendía previr ou a investigación policial que o motivou?
3. Ten coñecemento ou recibido o Ministerio outras informacións ou queixas en relación tanto coa falta de fundamento das accións realizadas como da actitude abusiva, desproporcionada e prepotente por parte dos axentes?
4. Revisará e investigará a actuación policial citada e exixirá a corrección e depuración das responsabilidades que correspondan?
5. Cantas identificacións, cacheos e rexistros se realizaron ese día no entorno do campo de fútbol en Vigo? Cantos das persoas identificadas pertencían a grupos de afeccionados? Tiñan indicación de parar determinados vehículos vinculados a certos grupos de seareiros? De ser así, comparte que se trataría dunha actuación sen causa e que non se ampara na Lei de Seguranza Cidadá ademais de vulnerar o principio de presunción de inocencia?

Madrid, a 3 de xullo de 2025

Néstor Rego Candamil

**Deputado do BNG no Congreso**